

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

*RESOLUCIÓN do 18 de xuño de 2018, da Secretaría Xeral de Emprego, pola que se fai pública a concesión dos premios do certame Cooperativismo no Ensino 2018, dirixido ao alumnado dos centros educativos de Galicia.*

Mediante a Orde do 15 de decembro de 2017, da Consellería de Economía, Emprego e Industria (DOG núm. 14, do 19 de xaneiro de 2018), establecéronse as bases reguladoras do certame Cooperativismo no Ensino 2018, dirixido ao alumnado dos centros educativos de Galicia, e procedeuse á súa convocatoria para o ano 2018.

Nas bases reguladoras establécese que os traballos participantes neste concurso serán avaliados por un tribunal e que a persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego resolverá a concesión dos premios, que serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Unha vez emitidas as propostas de concesión dos premios polos tribunais encargados de avaliar os traballos presentados, nas súas reunións do 15 de maio de 2018, e sen que fosen formuladas reclamacións, mediante a Resolución da Secretaría Xeral de Emprego, do 15 de xuño de 2018, aprobouse a concesión dos premios.

Por todo o anterior,

DISPOÑO:

Facer pública a concesión dos premios do certame Cooperativismo no Ensino 2018 dirixido ao alumnado dos centros educativos de Galicia que se relacionan no anexo que se xunta a esta resolución.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2018

A secretaria xeral de Emprego  
P.A. (Disposición adicional primeira do Decreto 135/2017, do 28 de decembro)  
José Alfonso Marnotes González  
Director xeral de Orientación e Promoción Laboral



## ANEXO

**Certame Cooperativismo no Ensino 2018**

• Modalidade de actividades artísticas, dirixida ao alumnado dos centros de educación infantil, primaria e educación especial por categorías:

– Categoría A: alumnado de 2º ciclo de educación infantil.

Premio ao mellor traballo: *Un mar de ideas, un traballo cooperativo* do CEIP Plurilingüe Domaio.

Accésit: *Bamboleo* do CEIP San Miguel de Reinante.

– Categoría B: alumnado de 1º e 2º de educación primaria.

Premio ao mellor traballo: *Coñecer o pasado para construír xuntos o futuro* do CEIP Plurilingüe Domaio.

Accésit: *Dixitalización do proxecto das terras raras* do CEIP Sestelo Baión.

– Categoría C: alumnado de 3º e 4º de educación primaria.

Premio ao mellor traballo: *Coidar o planeta é responsabilidade de todos* do CEIP Plurilingüe Domaio.

Accésit: *Coópera* do CEIP San Miguel de Reinante.

– Categoría D: alumnado de 5º e 6º de educación primaria.

Premio ao mellor traballo: *Cooperando... facemos a mellor das historias* do CEIP Plurilingüe Domaio.

Accésit: *Unha fórmula para cooperar* do CEIP San Miguel de Reinante.

• Modalidade de actividades cooperativizadas, dirixida ao alumnado dos centros de educación secundaria obrigatoria e educación especial.

Premio ao mellor traballo: *Asemblea Xeral* do IES de Melide.

Accésit: *Cross Designs, cooperativa estudantil* do CPI O Cruce.



• Modalidade de proxectos empresariais cooperativos, dirixida ao alumnado dos centros de formación profesional e de ensinanzas de réxime especial.

Premio ao mellor proxecto empresarial cooperativo: *Radon Innova Solucións (RADIS)*, S. Coop. Galega presentado polo alumnado do CIFP As Mercedes.

Accésit ao proxecto empresarial finalista: *Aura*, S. Coop. Galega presentado polo alumnado do CIFP Someso.

